



Resolución do 30 de agosto de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regula a convocatoria e selección de centros docentes públicos para participar no programa de inmersión lingüística en lingua inglesa través de actividades dixitais, Digitalweek, dirixido ao alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria durante o curso 2024/25.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pon de manifesto a necesidade de que o alumnado adquira competencias que lles permitan habilidades de traballo en equipo, desenvolvemento do espírito crítico e habilidades comunicativas nunha lingua estranxeira. O alumnado debe aprender cos feitos, observándoos e logo interpretándoos por medio de experimentos e con razoamento rigoroso. Espérase que el mesmo redescubra e comprenda principios fundamentais a través da observación e da propia reflexión. Faise necesario captar o interese do alumnado, destacar a importancia e a utilidade do que se aprende para resolver problemas nun futuro inmediato e así acadar unha repercusión directa cara a futuras vocacións.

A Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2030 (EDUlingüe) pretende, entre outros obxectivos, ofrecer un novo impulso cualitativo e cuantitativo ao ensino en linguas estranxeiras para que o alumnado poida rematar os seus estudos tendo un dominio completo polo menos dunha primeira lingua estranxeira con aprendizaxe integral e dominio extensivo. Para favorecer unha maior adquisición de destrezas lingüísticas por parte do alumnado dos centros educativos, a **Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2030 (EDUlingüe), na súa liña 7 Programa de inmersión lingüística activa**, desenvolve programas formativos de inmersión lingüística.

A Estratexia Galega de Educación Dixital 2030 favorece a adquisición das competencias clave do alumnado necesarias para o século XXI, tanto as transversais, como as máis propiamente vinculadas ao ámbito dixital e ao STEM, a competencia matemática e a competencia en ciencia e tecnoloxía e enxeñería, tendo en conta o seu vínculo co arte, a creatividade e a innovación, e motivar aos mozos e mozas, en especial ás mozas, a que





opten por carreiras profesionais nestes ámbitos.

Por este motivo, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades organiza o programa formativo Digitalweek que se desenvolverán durante o curso escolar nun centro residencial situado na Comunidade Autónoma de Galicia en réxime de internado onde se estimulará a práctica do idioma e a súa utilización en contextos comunicativos diversificados e enfocados cara á mellora da comunicación oral a través de actividades dixitais, co apoio de profesorado nativo en lingua inglesa co obxectivo da mellora da competencia en lingua inglesa a través de actividades dixitais, así como actividades complementarias que promovan a actividade física e a socialización. O programa procurará a inmersión activa en lingua inglesa do alumnado de xeito que lle permita desenvolverse nunha contorna real, así como o fomento da convivencia e o respecto polas diferenzas individuais.

O programa procurará a inmersión en lingua inglesa do alumnado de xeito que lle permita desenvolver nunha contorna real a súa comunicación mediante actividades do ámbito dixital.

De acordo co anteriormente exposto esta Dirección Xeral,

RESOLVE:

Primeiro. *Obxecto*

Esta resolución ten como obxecto regular a convocatoria e selección de centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para participar no programa de inmersión lingüística en lingua inglesa a través de actividades dixitais, Digitalweek, durante o curso 2024/25.

Segundo. *Destinatarios*

Poderán participar nesta convocatoria os centros docentes públicos dependentes desta Consellería nos que se impartan ensinanzas de 6º de educación primaria e/ou de



educación secundaria obrigatoria durante o curso 2024/25.

Cada centro poderá participar cun máximo de 25 alumnos/as do mesmo nivel educativo.

O alumnado participante de cada centro irá acompañado dun docente do centro educativo.

Terceiro. *Obxectivos e características do programa*

O programa **Digitalweek** desenvolverase de acordo co obxectivo e as características que se especifican a continuación:

1. O obxectivo principal deste programa é proporcionar ao alumnado participante unha actividade de inmersión lingüística que lle permita mellorar as súas destrezas de comprensión e expresión oral en lingua inglesa a través de actividades dixitais. Así mesmo, contará con actividades accións formativas non só académicas senón tamén que fomenten a actividade física, a socialización e o coñecemento cultural e tecnolóxico do contexto galego cunha metodoloxía adecuada á súa etapa educativa.
2. O contido deste programa inclúe actividades académicas, de tempo libre e obradoiros. En calquera caso, a finalidade é promover a convivencia entre o alumnado e a motivación pola comunicación en lingua inglesa e a adquisición dunha mellor competencia dixital, facendo uso de medios tecnolóxicos que favorezan a devandita aprendizaxe.
3. A metodoloxía será activa, lúdica e cooperativa; promoverá aprendizaxes significativas por parte do alumnado, incidindo na educación en valores democráticos e nos aspectos relacionados coa sustentabilidade e coñecemento da contorna.
4. O alumnado estará acompañado por unha persoa docente do centro educativo cun coñecemento da lingua inglesa adecuado para participar neste programa. Este docente responsabilizarase da adecuada participación do seu grupo na actividade formativa.





Cuarto. *Duración e datas de celebración das actividades*

1. Estas actividades realizaranse en réxime de internado nun centro residencial situado na Comunidade Autónoma de Galicia, en quendas semanais de domingo pola tarde ata o sábado seguinte pola mañá.
2. Levaranse a cabo durante os meses de outubro e novembro do 2024, de acordo co seguinte calendario e distribución por niveis:

Quenda	Datas	Curso	Alumnado
1ª quenda	6 – 12 outubro 2024	6º EP	125
2ª quenda	13 – 19 outubro 2024	6º EP	125
3ª quenda	20 – 26 outubro 2024	6º EP	125
4ª quenda	27 outubro – 2 novembro 2024	1º ESO	125
5ª quenda	3 – 9 novembro 2024	2º ESO	125
6ª quenda	10 – 16 novembro 2024	3º ESO	125
7ª quenda	17 – 23 novembro 2024	4º ESO	125
TOTAL			875

Quinto. *Organización das actividades*

1. A xestión e organización das actividades levarase a cabo por medio de empresas coa debida cualificación, coordinadas para o efecto Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. A empresa ou empresas ocuparanse dos recursos materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento, así como da contratación da oportuna póliza de seguros para a cobertura das persoas asistentes.
2. Os centros que resulten seleccionados enviarán á Consellería a listaxe de alumnado participante antes do comezo da actividade en cada quenda, segundo o modelo que se lle facilite con anterioridade.
3. Os centros educativos seleccionados solicitarán e custodiarán as autorizacións de





participación nesta actividade dos pais, nais ou persoas titoras legais do alumnado, segundo o modelo que se lles facilite para tal fin antes do inicio da actividade. Así mesmo, entregarán aos pais, nais ou persoas titoras legais do alumnado a documentación de participación relativa ao desenvolvemento de dita actividade que lle será facilitada pola Consellería con anterioridade ao inicio de cada quenda para que sexa presentada, debidamente cuberta e asinada, no momento da entrega do alumnado no centro residencial o primeiro día de cada quenda.

4. As familias ou, se é o caso, os centros educativos, encargaranse da organización do traslado do alumnado ao centro residencial no que se celebrarán as actividades así como da súa recollida ao seu remate. A Consellería e os centros educativos non asumirán os gastos derivados destes desprazamentos.

5. O alumnado estará acompañado por un profesor/a de inglés ou outro/a profesor/a do centro cun coñecemento da lingua inglesa adecuado para participar no devandito programa de inmersión nesta lingua durante o desenvolvemento da actividade. Este profesorado responsabilizarase da adecuada participación do seu grupo na actividade.

6. O alumnado que contraveña calquera das normas da residencia será expulsado inmediatamente. No caso de expulsión serán os pais, nais ou titores legais os que se fagan cargo do traslado do ou da menor.

Sexto. Financiamento

1. As prazas convocadas nesta resolución financiaranse con cargo á partida orzamentaria **37.03.423A.640.8**, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2024, por un importe máximo de **434.700,00€**

O custo total de cada actividade inclúe:

1. Profesorado e monitores.
2. O material escolar.



3. As actividades complementarias dos cursos.
4. Os gastos de mantenza e aloxamento do alumnado e do profesorado acompañante.
5. Certificado de realización da actividade.
6. Seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Sétimo. Procedemento de solicitude

1. As solicitudes realizaranse a través da aplicación informática: <https://www.edu.xunta.gal/programaseducativos/>.

Previamente á presentación da solicitude, a dirección do centro deberá informar ao Claustro de Profesorado e contar coa aprobación do Consello Escolar.

A persoa responsable da dirección do centro, ou persoa autorizada, será quen ten o permiso de creación e presentación da mesma na aplicación informática.

O informe que xera a aplicación informática deberá ser asinado pola persoa responsable da dirección e quedará custodiado no centro.

2. Os datos necesarios para a valoración de cada centro realizaranse a través da devandita aplicación informática.

3. Presentada a solicitude, examínase para comprobar se reúne os requisitos esixidos. En caso contrario, requírirase ao solicitante mediante o correo electrónico do centro, para que emende e/ou complete os datos que falten co fin de axustar a solicitude aos requirimentos da convocatoria.



Oitavo. Criterios de selección dos centros

Os centros serán seleccionados conforme aos seguintes criterios e puntuación:

1. Por formar parte da Rede de centros plurilingües: 1,5 puntos
2. Por participar no Programa de Seccións Bilingües: ata 1,5 puntos; 0,10 puntos por cada sección bilingüe que estea en funcionamento durante o curso 2024/25
3. Participar en programas relacionados coa Estratexia Galega Educación Dixital 2030: ata 3 puntos.
 - a) Centro participante en E-Dixgal: 1,5 puntos.
 - b) Centro participante no Programa Club de Ciencia durante o curso 2023/24: 1,5 puntos.
4. Non ter participado na Digitalweek en edicións anteriores: 1,5 puntos
5. Non ter participado na Spring Week en edicións anteriores: 1,5 puntos
6. Centros situados en concellos rurais, ata 1 punto, segundo o establecido a seguir:
 - a) Concellos de menos de 1.000 habitantes: 1 punto
 - b) Concellos de entre 1.000 e 3.000 habitantes: 0,75 puntos
 - c) Concellos de entre 3.001 e 5.000 habitantes: 0,50 puntos
 - d) Concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes: 0,25 puntos

Noveno. Prazos de solicitude

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días hábiles, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Portal Educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).





Décimo. Comisión de selección

A comisión de selección estará formada por:

- Presidencia: persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación, Inclusión e Innovación Educativa (ou persoa en quen delegue)
- Vogais:
 - Persoa titular da Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo (ou persoa en quen delegue).
 - Persoa titular da Xefatura do Servizo de Innovación e Programas Educativos (ou persoa en quen delegue).
 - Dúas persoas asesoras do Servizo de Innovación e Programas Educativos, unha das cales actuará como secretaria.

A Comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para os efectos de colaborar na valoración dos documentos achegados e na baremación. Esta subcomisión considerase incluída na categoría 3ª aos efectos previstos no artigo 26.2 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Décimo primeiro. Procedemento de selección dos centros

1. A comisión de selección realizará unha preselección dos centros docentes solicitantes segundo a puntuación obtida conforme aos criterios que figuran apartado oitavo desta convocatoria. En caso de empate entre os centros, dirimirase atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación no criterio 3 do apartado oitavo.
- b) Maior puntuación no criterio 4 do apartado oitavo.
- b) Maior puntuación no criterio 5 do apartado oitavo.
- b) Maior puntuación no criterio 6 do apartado oitavo.





De manterse o empate, terá preferencia o centro que teña maior número total de alumnado matriculado no curso 2024/25.

Décimo segundo. *Resolución provisional*

1. A comisión de selección, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, emitirá unha resolución provisional dos centros participantes. Esta resolución provisional poderase consultar na web desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>). Nesta resolución figurarán os centros seleccionados e a quenda que lles corresponde, os centros que quedan como suplentes e os centros excluídos.

No caso de non cubrirse o número de prazas nalguna das quendas, por proposta motivada da comisión de selección, a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá acordar a redistribución das prazas entre outras quendas, modificar o nivel ao que vai dirixida algunha destas quendas e/ou ofertar prazas vacantes a centros suplentes.

2. Logo da publicación da resolución provisional abrirase un prazo de 3 días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias ante a presidencia da comisión.

As reclamacións ou renuncias dirixiranse á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónico normalizado (código PR004A) que se deberá identificar coa denominación "Digitalweek". Para a súa presentación poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de clave Chave365 (<http://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Aos efectos de axilizar o proceso, enviarase copia á dirección de enderezo electrónico digitalweek@edu.xunta.gal identificada coa denominación "Digitalweek".



Décimo terceiro. Resolución definitiva

1. Transcorrido este prazo, a comisión de selección realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas. No caso de non cubrirse o número de prazas nalgunha das quendas, por proposta motivada da comisión de selección, a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá acordar a redistribución das prazas entre outras quendas, así como modificar o nivel das mesmas e/ou ofertar prazas vacantes a centros suplentes co fin de resultar as mínimas vacantes desertas.
2. A comisión de selección elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que adoptará a resolución definitiva dos centros participantes.
3. As alegacións ou reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución definitiva que se publicará no portal educativo <http://edu.xunta.gal/portal/>.
4. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da consellería no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
5. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.





Décimo cuarto. Memoria e certificación de participación do profesorado

1. Tras a finalización da súa participación, o/a profesor/a responsable do grupo deberá elaborar unha memoria avaliativa que trasladará á dirección do centro para o seu visto e prace. Dita memoria será remitida pola dirección do centro á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, antes do 31 de xaneiro do 2024 polo procedemento que se indique, e deberá contar cos seguintes apartados:

- a. Relación nominal (DNI e posto de traballo) do docente que asistiu á actividade.
- b. Número de alumnos e alumnas asistentes do seu centro docente.
- c. Repercusión da actividade na mellora da competencia lingüística en lingua inglesa e dixital do alumnado
- d. Grao de participación e implicación da persoa docente e do alumnado nas actividades
- e. Adecuación do programa e das actividades programadas á consecución dos obxectivos.
- f. Avaliación dos aspectos técnicos e organizativos da actividade.
- g. Suxestión e propostas de melloras.

2. Despois da avaliación positiva desta memoria, o profesorado que participa neste programa, recibirá certificación de innovación educativa, cunha equivalencia de 20 horas de formación permanente do profesorado.

Décimo quinto. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coas finalidades de levar a cabo a tramitación





administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa aplicable e as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

3. As persoas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela.

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa



ANEXO I

CAMPOS PARA O PROXECTO DO PROGRAMA "DIGITALWEEK 2024"

CENTROS PÚBLICOS

1. Formar parte da Rede de centros plurilingües (escoller "SI" ou "NON", segundo proceda)
2. Número de seccións bilingües en funcionamento (aportar o número de seccións bilingües en funcionamento)
3. Participación en programas relacionados coa Estratexia Galega Educación Dixital 2030:
 - 3.1. Centro participante en E-Dixgal (escoller "SI" ou "NON", segundo proceda)
 - 3.2. Centro participante no Programa Club de Ciencia (escoller "SI" ou "NON", segundo proceda)
4. Non ter participado na Digitalweek en edicións anteriores (escoller "SI" ou "NON", segundo proceda)
5. Non ter participado na Spring Week en edicións anteriores (escoller "SI" ou "NON", segundo proceda)
6. Número de habitantes do Concello onde está ubicado o centro (aporte o número de habitantes do Concello onde está situado o centro educativo)
7. Curso para o que solicita a actividade
 - 7.1. Escoller só un entre: 6º EP, 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO ou 4º ESO
 - 7.2. Número de alumnado que participará na actividade do curso seleccionado (máximo 25)
8. Datos do docente acompañante (nome, apelidos e DNI con letra)

